




ara
ivi-
ha
pas
ob-
ivo
ani-
ión

seu

a ter

Esta unidade

Lectura e comprensión
Leitura das estrelas de día

Refráns por hora. Os refráns

Oración oral

Para dar información

Oración escrita

De lamación

Gramática

Verbos regulares e irregulares

Ortografía

O ditongo. Acentuación de palabras con ditongo

Recursos

Tipos de dicionarios. Dicionarios na rede

Antes de ler

Alicia, a nena da lectura, é moi curiosa e iso métea en moitos problemas.

- ¿Que cousas che provocan curiosidade? ¿Tiveches algún problema ou accidente debido á túa curiosidade. Cón tao. Se non o tiveches, invéntao.

Alicia e as estrelas de día

Hoxe é o primeiro día que Alicia sae da casa despois de dúas semanas de «arresto domiciliario». Resulta que Alicia quixo ver as estrelas a pleno día e... a pouco máis veas.

Con frecuencia métese en cousas que acaban en castigos. Non é que sexa mala, que non o é nin un pouquiño. Seguramente hai no mundo moitísimas nenas de tan bo corazón coma ela, pero ningunha que o teña máis bo. Non hai necesidade ou miseria que non a sinta como propia, que non lle dea **mágoa**. As desgrazas alleas póñena triste e as inxustizas alporízana.

Pero Alicia é moi **traste**, mesmo se pode dicir que moi trastísima, se é que a este adxectivo se lle axeita tal superlativo. E todo lle vén do seu ingobernable desexo de saber, de coñecer e de experimentar. Non lle chega con que lle digan que as abellas teñen un aguillón co que pican a quen as molesta e que esta picadura é moi dolorosa e mesmo perigosa. Non. Ela foi escaravellar cun **carabullo** nun enxame e rematou nun centro de urxencias hospitalarias coa cara coma un saco de patacas, pero, iso si, co coñecemento científico e experimental dos efectos do aguillón das abellas cando as molestan.

mágoa: sentimento de pena que é ocasionado polos males ou padecementos alleos.

traste: que lle gusta enredar e facer falcatuadas.

carabullo: pau pequeno e seco.

fomentos: cada unha das preparacións dun ungüento ou dun emplasto.

—O que máis pena me dá é lembrar que as abellas que me picaron morren —díxolle a seu pai cando ían no coche camiño do hospital.

—Mira, Alicia, non me veñas agora con esas, non vaia ser que ademais das picaduras da cara che teñan que poñer uns **fomentos** no cu das azoutas que che dou —intveu a nai virándose para ela e poñéndolle unha cara de ferreiro que a fixo calar decontado.

Así é Alicia e, segundo a súa nai cando comenta as cousas da filla con alguén, non hai que lle facer. Non se pode dicir tampouco que sexa desobediente, porque mal que ben, ela sempre vai cumprindo as normas e as cousas como lle din. O que ocorre é que non hai xeito de prever o que vai facer para advertila de que non faga aquilo que lle anda pola cabeza. Súa nai sempre di que fai as cousas segundo lle veñen ao pensamento e, claro está, pasa o que pasa.




Desta vez o que sucedeu foi que leu nun libro que trouxo da biblioteca que no firmamento as estrelas seguen a brillar tamén polo día, o que pasa é que a luz do sol non nos deixa velas. Pero se estamos nun lugar onde non chegue a luz do sol e desde o que poidamos ver o ceo, entón tamén veríamos as estrelas polo día como as vemos de noite. Como exemplo para comprobar este feito, o libro falaba dun pozo que fose fondo abondo como para que non chegase alí a luz do día.

A rapaza deixou a lectura e a correr foi destapar o vello pozo que había na traseira da casa, aquel do que sacaban a auga antes de que a **traída** chegase a todas as casas de Eiravella. Desde aquela ficara choído cunha tapa que encaixaba perfectamente na súa boca. Pero Alicia deu erguido aquela pesada porta e ollou para o fondo. Aínda que non chega aos dez metros, pareceulle fondo abondo como para experimentar o feito de ver as estrelas a pleno día, e non tanto como para consideralo perigoso. Ademais era xa pola tardiña, que se fose un pouco máis cedo a nena podería ver a súa silueta reflectida na **tona** da auga e comprobar canta luz chegaba ata alí.

Colleu unha corda e atou un cabo arrodando o seu **van** e o outro á parte inferior do arco que termaba da roldana. Despois comezou a baixar amodiño, pondo os pés nas paredes interiores do pozo.

Xabier P. Docampo,
A casa da luz,
Ed. Xerais



traída: conxunto de instalacións que van a auga dun manancial ou depósito, casa e que aseguran o abastecemento a unha poboación.

tona: capa superficial da auga.

van: cavidade entre as costelas e as costelas, cintura.



Comprensión

1 ¿Quen é a protagonista da lectura? ¿Que outros personaxes aparecen?

2 Selecciona os trazos característicos da protagonista da lectura.

imprevisible

traste

compasiva

curiosa

desobediente

incrédula


imprudente

acusona

— Xustifica os trazos seleccionados con palabras do texto.

3 Indica que dúas aventuras vive Alicia na lectura.

4 Analiza as aventuras de Alicia en esquemas coma este.



5 Emparella no teu caderno estas expresións da lectura co seu significado.

Expresións

Arresto domiciliario

Cara de ferreiro

Aquilo que lle anda pola cabeza

Ficara choído

Significado

Moi anoxada

Aquilo no que pensaba

Quedara pechado

Castigo que consiste en non poder saír da casa

6 Redacta un resumo da lectura.

Reflexiona

7 ¿Que opinas do carácter e da forma de actuar de Alicia? ¿Que lle aconsellarías para que non se m en tantos problemas?



A casa por fóra

8 Asocia estas palabras relacionadas coa construción co seu significado. Faino no teu caderno.

Trabe •

Alicerce •


Cascallo •

Ladrillo •

Formigón •

- Fragmentos ou residuos que quedan despois de derrubar unha construción.
- Madeiro longo e grosso, ou estrutura doutro material, que se coloca horizontalmente como sostén do piso ou do teito dunha construción.
- Base ou cimentos dunha construción.
- Material que se utiliza en construción, formado por grava, area, cemento e auga.
- Peza de barro cocido ou secado ao sol, de forma rectangular, empregada na construción.

9 Relaciona cada número da imaxe desta casa co seu nome.



chanzo
cheminea
tellado
ventá
soleira
porta
peitoril
balcón
lintel

10 Escribe un sinónimo destas palabras relacionadas coa casa. Bota man do dicionario, se o precisas.

ventá

tellado

peitoril

soleira

— Inventa unha oración con cada un dos sinónimos.



Os refráns

Os **refráns** son ditos breves de orixe popular que expresan algunha ensinanza produto da experiencia e nos transmitiron os nosos antepasados.

— Copia o significado que cres que ten cada un destes refráns.



Casa sen teito, algo sen proveito.

- Se non lle poñemos teito á casa, chove por nós.
- Para sacarlle proveito ao noso traballo, temos que acabalo.



Vai o vello morrendo e vai aprendendo.

- As persoas sempre teñen ganas de divertirse.
- Dá igual a idade que teñas, sempre poderás aprender algo novo.

Exercicios

1 Relaciona as partes de cada refrán e cópialos no caderno.

- Na terra de lobos...
- Bo abrigo contra o frío...
- Calar e falar...
- Cando hai fame...
- A cabalo regalado...

- ...non se lle mira o dente.
- ...non caben nun lugar.
- ...é estar ben comido e ben bebido.
- ...non hai pan podre.
- ...ouvear coma todos.

2 Asocia os refráns anteriores co seu significado.

- Cómpre que nos comportemos coma a xeración coa que convivimos.
- Debemos ser agradecidos co que nos dan.
- Cando temos moita necesidade temos que aproveitar todo.
- Ou ben facemos unha cousa ou a contraria; ás veces a vez é imposible.
- Para non ter frío, cómpre que nos alimentemos ben.

3 Busca dez refráns nunha destas páxinas de internet e explica o seu significado.

http://www.xunta.es/linguagalega/fraseoloxia_na_rede


http://www.fillos.org/galicia/index.php?module=pnEncyclopedia&func=display_vol&vid=7



Pedir e dar información

A miúdo precisamos preguntarlle a alguén como se vai a un lugar, onde podemos atopar un libro na librería, que trámites temos que realizar para facer un carné... Tamén decote nos solicitan información sobre as cousas máis variadas.

I Observa a imaxe e le o diálogo entre a señora e o motorista.



— Responde estas cuestións.

- ¿Que información lle solicita o motorista á señora?
- ¿Que información lle dá ela?
- ¿Que fórmulas de saúdo, de petición e de despedida empregan?

— Pon en común as túas respostas coas dos compañeiros e compañeiras.

II Forma parella cun compañeiro ou compañeira e representade unha conversa de petición de información.

— Elixide unha destas situacións ou outra que se vos ocorra.

- Acabas de chegar a unha vila e non sabes onde está a piscina. Pregúntaslle a un ancián que atopas na rúa.
- Vas facer o carné da biblioteca.
- Vas a unha librería mercar un cómic.
- Queres formar parte do equipo de fútbol da vila e vas ao polideportivo buscar información.

— Repartide os papeis: un pedirá información e o outro daraa.

— Ponsade e anotade que ides dicir cada un de vós. Non esquezaades incluír fórmulas de saúdo, de petición e de despedida.

— Ensaiaide a representación varias veces en voz baixa e, despois, representádeas diante do resto da clase.

A reclamación

Ás veces, as cousas non saen como nós esperabamos; por exemplo, mercamos un aparello e non funciona ben, imos de visita a un lugar e non podemos ver o que agardabamos... Entón, podemos facer unha **reclamación**.

— Le con atención esta reclamación.

FOLLA DE RECLAMACIÓN

Nome: Roi Berdomás e Begoña Martínez (delegados de 6.º A e 6.º B) do CEIP Anxo Murado de Sarria.

Data: 10 de decembro.

EXPOÑO: O día 15 de novembro, as dúas clases de 6.º de Primaria do noso centro estivemos de visita no seu parque eólico e por causa da néboa non puidemos ver practicamente nada.

Somos conscientes de que as condicións climatolóxicas non son responsabilidade súa, pero deben entender que non puidemos sacar proveito da visita como si o fixeron outros centros que os visitaron.

Por iso, solicitámoslle que nos ofrezca a posibilidade de visitalos noutra data.

Pedímoslles, ademais, que nos conteste o máis axiña posible.

Atentamente,

Roi

Begoña

Á ATENCIÓN DO SR. DIRECTOR DO PARQUE EÓLICO CATAVENTO

— Responde estas cuestións sobre a reclamación anterior.

- ¿Quen fai a reclamación?
- ¿Que se reclama?
- ¿Que solución se propón?
- ¿A quen vai dirixida a reclamación?

— Copia a reclamación anterior e sinala con distinta cor cada unha das partes.

- | | |
|---|--|
| 1. Persoa ou persoas que fan a reclamación. | 4. Posibles solucións ao problema. |
| 2. Data. | 5. Despedida cordial. |
| 3. Problema que provoca a reclamación. | 6. Persoa ou entidade a quen vai dirixida. |

— Na reclamación usamos unha linguaxe amigable, educada e respectuosa. Xustifica esta afirmación con palabras e expresións da reclamación anterior.



A **reclamación** é un tipo de texto no que pedimos que se solucione ou arranxe unha cousa mal feita.



Debe incluír o nome de quen a fai, a data, a descrición do problema, algunha posible solución, a despedida e a persoa ou a entidade a quen vai dirixida.

A linguaxe que se emprega nas reclamacións é amigable, educada e respectuosa.

1 Elixe en cales destes casos presentarías unha reclamación. Razona a túa resposta.


1. Regálanche polo teu aniversario un papaventos que non voa.
2. Mercas unha bicicleta e, cando andas nela, descubres que non funciona a bucina.
3. Marcha a luz cando estás vendo unha película que che encanta.
4. Pagas os cartos para ir a unha excursión, a excursión non se celebra e non che devolven os cartos.
5. Vas coller o autobús do colexio e xa pasou.
6. Mercas unha torta e non che gusta.

2 Observa a situación que reflicten estas imaxes. Redacta unha reclamación.




Lembra estes consellos:

- Primeiro, pensa a quen vas dirixir a reclamación, que lle vas dicir e que solución lle propós.
- Despois, redacta a reclamación tendo en conta as partes e o tipo de linguaxe que debes empregar.
- Cando acabes, repasa a reclamación. Corrixe os erros ortográficos e de contido, se os hai.





Os verbos regulares e irregulares

Lembra que o **verbo** está formado por unha *raíz* e unhas *desinencias*.




Tendo en conta se hai variacións na raíz e nas desinencias ou non, podemos distinguir entre verbos *regulares* e *irregulares*.



Os verbos regulares repiten as mesmas desinencias que o modelo da súa conjugación. Así, os verbos *cantar*, *axudar*, *lavar*... conxúganse igual ca **andar**; os verbos *ler*, *bater*, *manter*... conxúganse o mesmo co **varrer**; *rir*, *elixir*, *conducir*... conxúganse igual ca **partir**.

Mentres, cada verbo irregular ten a súa propia forma de conxugarse. Podes velo no Anexo final.



- 1 Clasifica estes verbos segundo sexan regulares ou irregulares.

xantar: xantabamos, xantarei, xantases

dicir: digo, dixemos, diriades

vir: viñerades, vés, veñas

temer: temía, temerás, temeramos

partir: partiamos - partirán - partan

estar: estivemos, esteas, estaredes

ser: fósemos, sexades, sodes

- 2 Completa estas oracións coas formas adecuadas de cada verbo. Todos son regulares.

- Todos os alumnos (*desexar*) máis tempo de recreo.
- Miña avoa sempre (*comer*) unha mazá despois de xantar; dicía que lle (*axudar*) a facer mellor a dixestión.
- Cando eu (*chegar*) á casa, (*acender*) a calefacción porque estes días nós (*morrer*) co frío.
- O bebé (*rir*) a gargalladas vendo os acenos que a nai facía coa cara e coas mans.

- Analiza as formas verbais anteriores nun cadro coma este.

FORMA VERBAL:

PERSONA	NÚMERO	TEMPO	MODOS
.....			

- 3 Coa axuda do Anexo final, conxuga estes tempos dos seguintes verbos irregulares.

Presente de indicativo do verbo *dicir*

Eu digo

Ti

Copretérito do verbo *vir*

Eu viña

Ti

Presente de subjuntivo do verbo *estar*

Eu estea

Ti

Pospretérito do verbo *ir*

Eu iría

Ti

- 4 Busca nesta sopa de letras as seguintes formas verbais.

- Terceira persoa do singular do Pretérito de indicativo do verbo *ser*.
- Primeira persoa do plural do Pretérito de subjuntivo do verbo *ir*.
- Segunda persoa do plural do Antepretérito do verbo *ter*.
- Terceira persoa do singular do Futuro do verbo *estar*.
- Primeira persoa do Copretérito do verbo *ser*.

e	e	r	i	l	d	i	c	o	f
x	v	p	q	e	x	f	o	f	o
e	f	s	f	p	o	o	m	p	s
s	o	i	p	h	x	t	a	p	e
t	i	v	e	r	a	d	e	s	m
a	a	b	r	b	x	p	e	r	o
r	o	f	a	o	v	p	g	f	s
a	x	e	s	t	o	f	r	g	p

- Inventa unha oración con cada unha das formas verbais anteriores.

Os ditongos. Acentuación de palabras con ditongos

Lembra que o **ditongo** é a unión de dúas vogais que pertencen á mesma sílaba. Velaquí os tipos de ditongos que hai.

Ditongos crecentes

Formados por unha **vogal pechada** (i, u) e unha **vogal aberta** (a, e, o).

cuarto

miolo

Ditongos decrecentes

Formados por unha **vogal aberta** (a, e, o) e unha **vogal pechada** (i, u).

moito

eixe

Ditongos homoxéneos

Formados por dúas **vogais pechadas** (i, u).

puido

trunfo

As palabras con ditongo seguen as regras xerais de acentuación, excepto as agudas con ditongo decrecente que nunca se acentúan.

a-vión: acentúase porque é aguda acabada en -n e ten ditongo crecente.

lei-te: non se acentúa porque é grave acabada en vogal.

a-ni-mais: non se acentúa porque, aínda que é aguda rematada en -s, ten acento decrecente.

Exercicios

1 Copia no teu caderno as palabras con ditongo deste texto. Pista: hai dez.

Ninguén contestaba, así que calei. Percorrín o corredor con cautela. A porta de entrada quedaba no outro lado, a uns cen metros da miña aula. En realidade, matinei, a persoa que entrara non tiña por que decatarse de que eu estaba alí. Como sen dúbida deixaría a porta da rúa sen pechar, podía simplemente abrir e marchar, así, ninguén sabería do sucedido. Outro ruído, esta vez moi leve e proveniente dun lugar afastado. Apurei o paso sen me despegar da parede.

Manuel Lourenzo González,
Unha pantasma no colexio, Ed. Rodeira

2 Indica de que tipo son os ditongos da actividade anterior.

3 Completa as palabras con estes ditongos.

IO

EI

IE

IA

EU

AU

cam.....n

ad.....s

n.....frago

anc.....

b.....sbo

hix.....nico

— Acentúa as palabras anteriores que o precisen.

— Explica por que as acentuaches ou non.

Para acabar

1 Le con atención este texto.

Nome: Xosé Álvarez Castiñeiras

Data: 13 de novembro

Expón: Merquei para a miña neta todos os fascículos que vostedes **puxeron** á venda desde **hai** un ano para crear a nosa propia casa de bonecas e, agora ao montala, **comprobo** que me faltan varias partes: o alicerce, a cheminea, o tellado, o balcón e unha cama para o cuarto pequeno.

Como eu merquei todos os fascículos, considero que este **foi** un erro seu. E por iso pídolles que me **envíen** estes artigos coa maior brevidade posible.

Atentamente,



Xosé Álvarez



Á ATENCIÓN DO SR. DIRECTOR XERAL DE CASA DE BONECAS

2 ¿Que tipo de texto é o anterior?

3 Responde estas preguntas sobre o texto.

- ¿Que partes ten?
- ¿Que problema se describe?
- ¿Que solución se propón?

4 Localiza no texto nomes de partes da casa por fóra.

5 Explica o significado destes refráns.

- Casa sen teito, algo sen proveito.
- A cabalo regalado non se lle mira o dente.
- En terra de lobos, ouvear coma todo.
- Calar e falar, non caben nun lugar.

6 Analiza as formas verbais destacadas no texto nun cadro coma este.

FORMA VERBAL:			
PERSOA	NÚMERO	TEMPO	MODO
.....			

— Deseguido, indica se o verbo é regular ou irregular.

7 Localiza todas as palabras con ditongo que haxa no texto.

- Indica se son agudas, graves ou esdrúxulas.
- Explica por que levan acento ou non.

Para repasar Unidades 1 á 3

Léxico

1 Relaciona os sinónimos dos dous recadros.

delgado - limpo - contento - brando
fácil - bonito

aseado - ledó - fraco - fermoso - mol
doadó

— Agora escribe un antónimo de cada parella de sinónimos anterior.

2 Explica o significado das palabras *dente* e *folla* en cada unha das oracións.

- Xoaquín caeu e rompeu un **dente**.
- Os **dentes** da serra están moi afiados.
- Dáme tres **dentes** de allo máis.
- Tiña diante unha **folla** en branco e non sabía que poñer.
- Voume ter que afeitar outra vez porque esta **folla** xa non corta ben.
- Ás árbores caducas cáenlles as **follas**.

3 Indica tres significados da palabra *ollo*.

— Inventa unha oración para cada un deles.

4 Asocia cada parte dos refráns e explica o seu significado.

Casa sen teito...

Vai o vello morrendo...

Calar e falar...

A cabalo regalado...

Na terra de lobos...

...e vai aprendendo.

...algo sen proveito.

...ouvear coma todos.

...non se lle mira o dente.

...non caben nun lugar.

Expresión escrita

5 Elabora unha reclamación á compañía de teléfonos porque a vosa liña de Internet non funciona ben.


6 Escribe no caderno un fragmento de diario persoal.

— Conta o que fixeches durante a última fin de semana.

7 Inventa a biografía dun destes personaxes de debuxos animados.



Mortadelo



Marge Simpson



Shin Chan

Gramática

- 8** Di que clase de palabra é cada unha das destacadas neste texto.

A pantasma xa chegara. **Subira** sen présa, segura **de** si mesma e da caza que tiña ao alcance. O tintinar do metal soábame máis **ferinte** ca **nunca**. Igual que fixera **eu**, **comprobaba** a porta do laboratorio de Química.



Manuel Lourenzo González, *Unha pantasma no colexio*, Ed. Rodeira

- 9** Le atentamente o copretérito do verbo *estudar*. Separa a raíz das desinencias.

Eu estudaba
Ti estudabas
El estudaba
Nós estudabamos
Vós estudabades
Eles estudaban

— ¿De que conjugación é o verbo *estudar*? ¿É un verbo regular ou irregular?

- 10** Completa unha táboa coma esta coa información que achega a desinencia destes verbos.

gañaremos - limparás - compraban
chames - escribirías - durmisen

PERSOA	...
NÚMERO	...
TEMPO	...
MODO	...

Ortografía

- 11** Acentúa as palabras que o precisen.
— Razoa por que as acentuaches ou non

fabrica - facil - compas - funil
crater - levar - embude - musica
torax - contador - xabon - telefo

- 12** Completa estas oracións coa palabra adecuada.

bóla - bola

- Se vas á panadaría, tráeme unha
- O neno quíxase de que perdeu a máis bonita que tiña.

pé - pe

- Henrique rompeu un
- Lámpada si ten a letra

présa - presa

- Sempre andas con moita; en apuro non che é bo.
- Dáme unha de queixo.

póla - pola

- A é unha galiña nova.
- Rompeu unha da árbore vella do parque.

Pon en práctica

Copia as palabras con ditongo deste texto e indica en cada caso que tipo de ditongo é.

De súpeto veu un vento moi forte, moi forte, e o fío escapoume da man e o vento levoume cara ao alto e voei. E voei. Despois estaba a voar no medio e medio das nubes e xa non vía nada. Un chisco despois chegou a chuvia e as gotas de auga mancábanme.

Gianni Rodari, *Xogos de fantasía*, Ed. Tarradellas